

JAIME E O DIAMANTE

María Luisa Sáinz Calviño | Diego Prieto Fernández

No inverno, na época da lúa chea, vivía Jaime, un neno que tiña un pai obsesionado coas antigas lendas de tesouros. Nun remoto día, o seu pai foi ao monte Sombra, e para pasar tiña que cruzar o seu gran bosque frondoso.

Cando pasou o bosque, comezou a escalar o gran monte. No momento de ver unha cova, como estaba moi escuro, encendeu unha candeia.

Era a cova dos diamantes, na que atopou un libro antigo e sentíu curiosidade. No libro dicía que os diamantes estaban a 15 pasos ao norte e 3 ao leste. Seguiu as indicacións para atopar os tesouro, pero quedouse soterrado, porque a cova derrubouse sobre el.

Na casa de Jaime, ao ver que non regresaba o seu pai, chamaron á policía e dixéronlle que desaparecera o señor Martínez (o pai de Jaime). A policía, neses momentos, non podían facer nada porque estaban con outro caso.

Jaime e máis a súa nai tiñan que ir a buscalo. Preparáronse e foron na súa busca. Como o pai, tiveron que pasar polos mesmos lugares ca el.

Cando entraron na cova tamén deron co libro. Seguiron e para saber onde estaba ese diamante tan fermoso e grande, e seguiron lendo o libro. Atopábase nun recuncho da contraportada do libro. Collérono e descubriron que era especial porque cando lle daba a luz, saíanlle raios como os do arco da vella.

Como era noite, regresaron co diamante e colorín, colorete, pola cheminea vai un foguete.

FIN